



# CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DO CONCELLO DO DÍA 28 DE XUÑO DE 2015.

### **PRESIDENTE:**

D. José Antonio Ferreiro González.

(PP)

### **CONCELLEIROS:**

#### **ASISTENTES:**

D. Felipe Labrada Reija (PP)

D. Marcos Trashorras Reija (PP)

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Mar Gómez Gómez

(PP)

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Jesús Álvarez Fole (PP)

D. Javier Cerqueiro González

(PSOE)

D. Jesús Seijas Abuín (PSOE)

D<sup>a</sup> Marta López Abeledo (PSOE)

D. María Jesús Álvarez Fole (PP)

D. Mario Outeiro Iglesias (BNG)

D. Francisco Javier Vila Núñez

(DIC)

No salón de sesións do Concello do Corgo, ás 10:00 horas do día 28 de xuño de 2015 reúnese o Pleno do Concello co obxecto de celebrar, con carácter urxente, sesión extraordinaria.


Preside o acto o Sr. Alcalde D. José Antonio Ferreiro González e asisten os concelleiros que se relacionan á marxe.

Da fe do acto o Secretario, D. Marco A. García-Gabilán Sangil.

### **SECRETARIO:**

D. Marco Antonio García-Gabilán

Sangil.





## CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

### **1. PROPOSTA DE DECLARACIÓN DE TRES DÍAS DE LOITO OFICIAL POLO PASAMENTO DO CONCELLEIRO DESTA CORPORACIÓN XOSÉ ENRIQUE CASANOVA SÁNCHEZ E TRASLADO DO PÉSAME DA CORPORACIÓN Á FAMILIA.**

O Sr. Alcalde le a súa proposta, que literalmente di:

#### **"PROPOSTA DA ALCALDÍA**

*Hoxe chegou a noticia do pasamento de D. Xosé Enrique Casanova Sánchez, concelleiro desta corporación dende hai dezaseis anos.*

*O seu falecemento causa grande impacto nesta corporación na que prestou servizos dende o seu cargo, sempre velando polo interese dos veciños.*

*A súa actuación caracterizábase pola rigorosidade e sensatez nos seus xuízos, constructivo, partidario do diálogo e da didáctica para achegar aos cidadáns o sentido dos acordos políticos máis sensíbles, o que o fixeron merecedor do cariño de toda a corporación e persoal municipal.*

*Ante esta perda, propoño ao Pleno adopte os seguintes acordos:*

- DECLARAR TRES DÍAS DE LOITO OFICIAL NA SÚA HONRA.*
- DAR TRASLADO Á SÚA FAMILIA DO NOSO MÁIS SENTIDO PÉSAME.*

*O Corgo, 27 de xuño de 2015*

*O ALCALDE,"*

O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade acorda aprobar a proposta que antecede e declarar tres días de loito oficial na honra do Concelleiro Xosé Enrique Casanova Sánchez e dar traslado do seu pésame á súa familia.



## CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

De seguido, un voceiro designado polo BNG dá lectura ao seguinte escrito:

*“Amigas e amigos,*

*Ninguén está preparado para ser portavoz nun pleno destas características, porque poucas cousas hai máis difíciles que perder a moito máis que un compañeiro de ideoloxía, a un gran amigo.*

*É máis que obvio que Quique deixa un baleiro irreparable non só no Grupo Municipal do BNG, no que sería insubstituíble nin aínda que os once membros da corporación fomos nacionalistas, deixa un baleiro enorme na corporación e na vida municipal do Corgo.*

*Se algúns adxectivos permiten definir a súa traxectoria, eses serían a bondade e a xenerosidade; porque Enrique era un home da reducida estirpe dos BOS e XENEROSOS, porque ao longo da miña vida poucas persoas tiven diante da altura humana do compañeiro que acabamos de perder. A maiores, el era a pureza e a transparencia que a todos os políticos se nos debe esixir.*

*Tal día como hoxe no 1936 refrendábase nas urnas e case dun xeito unánime o Estatuto de Galiza. Estou seguro, que se tivese a oportunidade de estar presente nun día da historia do país sería ese. Todo un pobo berrando clamorosamente os principios que el defendeu durante toda a súa vida. Un día histórico para Galiza tristemente borrado vinte días despois polo levantamento franquista.*

*Porque politicamente a Quique movíao a xustiza social e a liberación do pobo galego. Dúas coordenadas que facían que a única casa política fose a do Bloque Nacionalista Galego. Unha xustiza social que pasou a ser toda unha obsesión dende o comezo da crise económica e o amor por un pobo, Galiza que ía máis aló dos seus sinais identitarios e que se materializaba en todos e cada un dos seus cidadáns. El tiña moi claro que ambas cuestións nunca poderían vir separadas que o benestar social só podería chegar nunha nación liberada.*

*Para as xeracións máis novas, Enrique era corgués. Coñecémolo afincado no Val de Gomeán, pola súa traxectoria política, non en van, encabezou as candidaturas do BNG do Corgo no 1999, no 2003 e no 2007, e colaborou activamente nas campañas do 2011 e 2015 nas que foi número 2, coñecémolo como activista social, xa que foi membro fundador de varias asociacións do ámbito cultural e deportivo neste concello e por suposto, coñecémolo como Axente Forestal, unha vocación convertida en profesión na que deixou os seus folgos e a vida.*





## CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

*Mais Enrique non era Corgués, era de Rubiás, e a súa traxectoria debe ser un guieiro que nos mova a todas e todos os que tivemos a sorte de nacer neste concello.*

*En 16 anos de concelleiro fixo unha oposición construtiva e fixo de intermediario útil coas institucións gobernadas polo BNG para conquistar melloras importantes para este concello, trouxo os problemas das veciñas e veciños a este pleno, votou sempre co Corgo por diante aínda que o resultado dese voto non fose electoralista, participou nun ambiente de respecto e cordialidade entre a corporación que debería ser exportable a todas as cámaras de participación política. Prégovos que o exemplo de Enrique, por enriba da cor política, sexa o espello no que nos miremos todas e todos nós nesta lexislatura que comeza.*

*Porque se Quique deixara algo escrito, diría claramente que no seu falecemento non houbera esquelas, nin flores, nin parafernalias. Deixaríanos a todos como encomenda traballo e máis traballo. Esa é a difícil testemuña que nos deixa aos compañeiros de partido, algúns deles hoxe aquí presentes e ese é o reto que afrontaremos de aquí en diante na súa memoria.*

*Para rematar e no nome do BNG do Corgo agradecer aos compañeiros aquí presentes as medidas adoptadas e a preocupación coa que dende onte a tarde vivistes este triste acontecemento. Sabemos que a tristura polo seu falecemento é máis que sincera. Traslada tamén, por expreso desexo da súa viúva, o agradecemento a todas e a todos o apoio recibido e o voso interese. MOITAS GRAZAS"*

O concelleiro de DIC, Javier Vila Núñez, toma a palabra e di que quere dar o pésame ao grupo do BNG e á familia do concelleiro falecido. Di que Quique debería ser un exemplo a seguir en defensa dos intereses municipais e destaca a súa grande altura como político e como persoa. Traslada á súa familia o seu pésame e pónse á súa disposición.

Javier Cerqueiro González, concelleiro do PSOE, traslada tamén o seu máis sentido pésame e di que no pouco tempo que puido coñecer a Quique foi unha persoa correcta e moi agradable co seu grupo






## CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

político. Engade que ogallá estas cousas sirvan para unir a tódolos grupos e lles dea forza para seguir para adiante.

Non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás dez horas e quince minutos, redactándose a presente acta. Dou fe.



# CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

---